



**Resolución do 31 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que amplía a dotación orzamentaria para o financiamento do proxecto “Escornabots na biblioteca escolar”, destinado a centros públicos que matriculan alumnado de infantil e primaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares no presente curso 2016/2017.**

Con data 17 de abril de 2017, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos facía pública, a través do Portal Educativo, a resolución mediante a que se convocaban os proxectos Escornabots na Biblioteca Escolar para o ano 2017. Este programa busca a introdución dos robots e da linguaxe de programación nas bibliotecas escolares de centros de infantil e primaria, de titularidade da consellería, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares.

A devandita resolución contemplaba a selección de 20 centros de nova incorporación e a continuidade daqueles centros integrados na convocatoria de 2016 que o solicitasesen, unha vez valorada positivamente a memoria de actividades realizadas na fase de pilotaxe do proxecto.

No apartado 1, punto 4 da devandita resolución, que establece as aplicacións dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017, por un importe global de 17.500€, recolle a posibilidade de ampliación do orzamento destinado a esta actuación en función das necesidades para o desenvolvemento do programa e na medida en que as circunstancias orzamentarias así o permitan.

Vistas as necesidades observadas para o desenvolvemento do programa naqueles centros que solicitaron a súa continuidade, e como consecuencia da existencia de crédito adecuado para poder ampliar o orzamento inicial, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura en contexto educativo, dispón:

**Apartado único:**

Incrementar o orzamento para o proxecto ESCORNABOTS NA BIBLIOTECA ESCOLAR, destinado a centros de infantil e primaria, de titularidade da consellería, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares no presente curso 2016/2017, por un importe de 20.000€ euros na aplicación 10.60.423A.625.1, destinada á adquisición de mobiliario e outros equipamentos da biblioteca escolar, de acordo ao establecido no apartado 1, punto 4, da Resolución de 17 de abril de 2017, desta D.X. de Centros e Recursos Humanos. Desta forma, o importe global destinado a este programa para o ano 2017 é de 37.500€.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



José Manuel Pinal Rodríguez